

O primeiro European Folk Day terá lugar o sábado 23 de setembro de 2023

O European Folk Day 2023 é un proxecto piloto concibido e coordinado por membros da European Folk Network (EFN) con cofinanciación da Unión Europea a través do programa MusicAIRE. Nace coa intención de establecer o European Folk Day como unha data clave no calendario anual.

♦ Antecedentes e obxectivos

A idea do European Folk Day xurde a partir das conversas dentro da EFN. É un evento directamente relacionado cun dos obxectivos da rede: **demostrar a existencia dunha masa crítica de persoas en toda Europa involucradas, dunha forma ou doutra, nas artes escénicas tradicionais** (música, danza, narración).

♦ Quen pode participar no European Folk Day?

A participación está aberta a calquera individuo, banda, institución, empresa, comunidade, obradoiro, grupo local, en definitiva, a calquera que queira se unir a unha actividade relacionada coa música, danza ou narración de raíz tradicional, tanto presencial como en liña. **TODO O MUNDO será benvido**, sexa ou non membro da EFN.

♦ Como podo participar no European Folk Day?

A participación pode ser:

- tan sinxela como gravar un vídeo cunha canción vella ou nova, subilo ás túas redes sociais e etiquetalo con **#europeanfolkday**.
- tan elaborada como un festival presencial con varios artistas actuando, arredor ou na data do 23 de setembro, e anunciálo como parte do European Folk Day.
- e **se es xornalista**, podes presentar unha canción ou un artista nos teus medios de comunicación... ou dedicar todo o día ao tema. E anunciar os eventos do European Folk Day nos teus medios locais/nacionais. Precisas consellos? Pregúntanos: a EFN ten membros na maioría dos países europeos que te poden axudar.

Non hai límites sobre como e onde podes participar. Se non se che ocorre nada, contacta co enderezo de correo electrónico de Participación (ver contactos máis abaixo) ou consulta a nova páxina web e axudarémosche a ter ideas.

Cando decidas a forma da túa participación, dános os detalles no **síto web**, [na páxina de participación](#), e envía a información á base de datos consultábel. A túa participación engadirase á base de datos e ao mapa de Europa. Nos próximos meses comunicaremos o progreso ao mundo e daremos visibilidade a todos os eventos do European Folk Day. Pódeste subscribir á lista de correo sobre o Día do Folk [aquí](#).

♦ Como podo contactar co equipo organizador?

A EFN ten un equipo reducido que coordina o proxecto do European Folk Day. Temos establecido enderezos de correo electrónico específicos para as diferentes necesidades:

- Para preguntas sobre participación, contacta con Eric en participate@europeanfolkday.eu
- Para solicitudes de xornalistas e medios de comunicación, contacta con Araceli en media@europeanfolkday.eu
- Para solicitudes xerais ou outros asuntos, contacta con Nod en info@europeanfolkday.eu

Esperamos que todo o mundo se una a esta nova iniciativa paneuropea para apoiar e celebrar as artes tradicionais das comunidades de toda Europa.

O European Folk Day é por ti, para ti, para nós!

Translation into Galician: Juan Antonio Vázquez

European Folk Network | www.europeanfolknetwork.com | www.europeanfolkday.eu

